

O Concello reurbaniza a contorna do centro de saúde e os colexios do Forte

Crearase así unha contorna accesible e segura nunha zonas moi transitada xa que inclúe instalacións municipais como a piscina, o polideportivo, o campo de fútbol e o ximnasio

Aproveitando as vacacións escolares, o Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de construción de tres sendas peonís e a reordenación do estacionamento e reurbanización de espazos na contorna do centro de saúde e dos centros escolares do Forte para crear unha contorna accesible e segura na zona. Unhas actuacións nas que inviste un total de 523.733 euros.

O alcalde Ovidio Rodeiro explica que “se trata dun proxecto fundamental para fomentar a mobilidade sostible e crear unha contorna segura nunha das zonas máis transitadas do municipio, xa que estamos falando dun espazo no que están o centro de saúde, os dous edificios do CPI Antonio Orza Couto e varios equipamentos deportivos municipais como son o polideportivo, o campo de fútbol, a piscina ou o ximnasio”.

Unha das sendas peonís terá unha lonxitude de 918



O Concello de Boqueixón inviste máis de 523.000 euros nestas actuacións para mellorar a seguridade viaria da veciñanza

metros e comunicará o centro médico do Forte co campo da festa da parroquia. Finalmente, outra das sendas terá unha lonxitude de 639 metros, que discorren dende a estrada da Deputación (DP-1201) e A Eirexe, un traxecto que discorre por diante da Igrexa de San Vicente de Boqueixón, e o seu camposanto, e vivendas unifamiliares.

Estas tres sendas terán un ancho medio de 1,8 metros.

Executaranse en formigón, elevadas en 5 centímetros sobre a rasante da estrada. A única excepción será no paso polo núcleo de A Eirexe, onde disporase un tramo de plataforma compartida en formigón. Ademais da construción das tres sendas peonís, o Concello aproveitará para adaptar a rede de drenaxe á nova sección transversal das vías e repór o pavimento nos cruces.

Estas obras están incluídas



no programa DUS 5.000 do Concello de Boqueixón, que permitirá crear 10,49 km de sendas peonís en distintos puntos do municipio cun investimento total de 2,44 millóns de euros. Nestes momentos, estase actuando en ata catro sendas máis noutros puntos do municipio: Castro-Devesa (Oural), Picota-Cusanca (Lestedo), Vigo-Lamas e Ponte Ledesma-Noente, unha das máis avanzadas.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

21 xun / 03 ago

SERGUDE

Campo de San Bieito

04 ago / 17 xul

LESTEDO

Campo da festa

18 ago / 24 ago

LAMAS

Campo da festa

25 ago / 31 ago

VIGO

Campo da festa



O Concello auditará a rede de saneamento para mellorar o servizo

O Concello de Boqueixón vai realizar unha auditoría técnica da súa rede saneamento co obxectivo de seguir mellorando a calidade e eficiencia do servizo que se presta á veciñanza. Unha actuación na que se van investir preto de 15.000 euros.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, salienta que “contamos cunha infraestrutura moi potente con 92 km de tubaxes, 14 novas depuradoras, 13 bombeos, unha nova EDAR e preto de 1.500 enganches á rede. Un sistema que permite ofrecer un servizo de calidade e adaptado ás necesidades de cada núcleo de poboación, e que seguiremos reforzando con novas actuacións tras realizar esta auditoría técnica”.

Máis de 140.000 € para mellorar accesos a aldeas e estradas

O Concello de Boqueixón vén de licitar dúas actuacións de mellora de pistas e estradas municipais que suporán un investimento de máis de 140.000 euros e cuxas obras darán comezo durante as próximas semanas.

O primeiro proxecto inclúe a realización de ata vinte actuacións. Así, melloraranse os accesos en Deseiro de Arriba (Sergude), Vigo e Alboia (Lamas), Gastrar (Gastrar), Camporrapado, Rebordao e Mato (Oural), Vilar (Ledesma), A Quenlla (Sucira), Pedrouzo (Pousada) e Piñeiro de Abaixo (Boqueixón). En todos os casos empregarase un tratamento asfáltico superficial e rego de selado en toda a pista de acceso aos núcleos, onde previamente se repararán as fochancas e se limparán as cunetas.

Por outra banda, acometerase a sinalización horizontal dun viario do Forte a Casalpegito, de 3.390 metros, co pintado de liñas de bordo e reparación dun treito a través da construción dun muro para o sostemento de terra e a pavimentación dun tramo en aglomerado en quente. A obra incluírá tamén a execución dunha arqueta de formigón.

Así mesmo, acometeranse outras melloras de pequenos camiños en Pumares (Sergude), en Pazos (Lestedo), tres tramos do viario de Castrelo a Virxe de Lurdes (Lestedo), en Burgo (Lamas) e en Ledesma (Ledesma), que suman algo máis dun quilómetro. Nestes casos repararanse os baches e mellorarase o firme das pistas cun tratamento asfáltico.

Por outra banda, o segundo dos proxectos

aprobados inclúe a mellora dos accesos a Manlle (Lamas), Eirexe (Pousada) e Santaia e Casalvieito (Codeso). Nos catro casos procederáse á reparación de baches e a mellorar a capa de rodaxe destes accesos a núcleos de poboación cun tratamento asfáltico superficial e rego de selado, así como a limpeza das cunetas para a correcta drenaxe das augas da choiva.

A maiores, acometerase a mellora dun camiño en Burgo (Lamas) de 140 metros de longo por 3,5 metros de ancho. Neste caso, tras un acondicionamento previo do camiño e a realización de saneos con pedraplén, mellorarase a pista con zorra. Finalmente, asfaltarase tamén un viario en Baiuca (Ledesma), de 395 metros de longo por 5,5 metros de ancho.



Dous veciños de Lamas reciben a Medalla Castelao 2025

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, distinguiu coa Medalla Castelao 2025 a dous veciños de Lamas: Emilio Pérez Nieto e Manuel Rodríguez. Alfonso Rueda impúxolle a medalla a Pérez Nieto, presidente

honorífico do grupo Pérez Rumbao, en recoñecemento á súa traxectoria empresarial e destacando que se puxera á fronte desta empresa familiar con tan só 23 anos.

Pola súa banda, a asociación AGAE-

LA foi distinguida polo seu labor de apoio a máis de 130 familias afectadas pola ELA. Manuel Rodríguez é un dos integrantes da asociación e tamén foi condecorado e asinou no libro de honra das Medallas Castelao.

Próximas melloras no illamento térmico e na cuberta do pavillón de Lestedo

O Concello vén de conseguir unha achega do Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia para investir 60.000 euros no acondicionamento deste polideportivo

O Concello de Boqueixón vén de conseguir unha subvención de case 60.000 euros para acometer unha importante mellora na eficiencia enerxética do pavillón polideportivo de Lestedo. Unha axuda conseguida polo equipo de Goberno ao abeiro do Fondo de Cooperación Local 2025, promovido pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O alcalde Ovidio Rodeiro sinala que “despois das obras de renovación no pavillón do Forte, cun investimento tamén de 60.000 euros, seguimos cumprindo o noso compromiso de mellorar os espazos deportivos do noso municipio. Agora é a quenda do pavillón polideportivo de Lestedo, onde acometeremos traballos de mellora da cuberta e do



O Concello agarda poder comezar coas obras de mellora do polideportivo de Lestedo o próximo mes de outubro

illamento térmico da instalación, cun custe doutros 60.000 euros”.

O Concello ultima xa a licitación desta actuación para que as obras poidan comezar o antes posible. Uns traballos que mellorarán notablemente a como-

didade da veciñanza e dos equipos deportivos que utilizan estas instalacións, reducindo os problemas de humidades.

Estas obras súmanse ás realizadas o ano pasado no polideportivo municipal do Forte, onde se re-

solveron os problemas de humidades no interior do pavillón debido aos danos existentes nas envoltentes da instalacións. A maiores, instalouse un novo revestimento máis eficiente e se instalou auga quente sanitaria nos vestiarios.



O Descenso do Ulla reúne a preto dun cento de aventureiros

Preto dun cento de aventureiros e aventureiras tomaron parte do Descenso do Ulla, a primeira das actividades do programa Goza do Ulla, organizado polos Concellos de Boqueixón e Vedra. Percorreron uns 10 km en pirauga entre Ponte Ledesma e Agronovo



Andalucía e Portugal conquistan á mocidade de Boqueixón e Vedra

Un total de setenta mozos e mozas, de entre os 16 e 18 anos de idade, participaron na Viaxe do Verán 2025 organizada polos Concellos de Boqueixón e Vedra. Entre o 16 e o 22 de xullo, descubriron Sintra, Lisboa, Huelva e o Parque Nacional de Doñana.

Continúan abertas as inscricións nos cursos de inglés e nas actividades deportivas

O Concello vén de ampliar o prazo de inscrición tanto nas actividades deportivas para persoas adultas 2025/2026 como nos cursos de inglés dirixidos ao alumnado de infantil, primaria, secundaria e mocidade a partir de 16 anos. As clases terán lugar de outubro a xuño no CPI Antonio Orza Couto, con grupos adaptados aos niveis A2, B1 e B2.

No caso das actividades deportivas para persoas adultas, a oferta para o curso 2025-2026 inclúe pilates, zumba, ximnasia, crosss, circuit training e bailoterapia.

En ambos casos, as fichas de inscrición poden descargarse de www.boqueixon.gal e deben presentarse a través da sede electrónica. Máis información: 981 513 061.

Fin do Campamento CREA, un xeito lúdico de achegarse ao voluntariado

Un grupo de rapaces e rapazas, de entre os 12 e os 15 anos, participou este verán no Campamento CREA, unha iniciativa gratuíta organizada polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Plan Corresponsables e a Xunta de Galicia para achegar o mundo do voluntariado aos máis novos dun xeito lúdico e educativo.

Así, durante este mes a mocidade desfrutou de xogos musicais, sendeirismo, saídas á piscina, manualidades, dinámicas de aula e movemento, así como excursións especiais ás Illas de Gres, Ponte Ledesma ou a desfrutar dos kaiaks, coa que pecharon a actividade. Deste xeito, crearon un espazo lúdico que aposta pola educación non formal como motor de desenvolvemento e que potencia a participación activa, o traballo en equipo e a expresión creativa de cada un destes mozos e mozas.



O alcalde visitou á mocidade do CREA, que pechou curso cun descenso en kaiak



Éxito de participación nas Noites Astronómicas no Pico Sacro

Máis dun cento de persoas participaron nas Noites Astronómicas, unha iniciativa gratuíta que cada ano organiza o Concello en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC. O tempo acompañou e facilitou a actividade, dirixida por José Angel Docobo, coordinador do Observatorio.



A oficina móbil de Retorno da Xunta de Galicia visitou Lestedo

A praza da feira de Lestedo acolleu o pasado 24 de xullo a oficina móbil Retorno da Xunta, que estivo prestando asesoramento e apoio a persoas recén regresadas a Galicia na realización de trámites en materia de educación, sanidade, vivenda, traballo... O alcalde Ovidio Rodeiro achegouse a coñecer máis da iniciativa.

Xuntanzas para que o Pico Sacro sexa declarado Conxunto Simbólico

O local social de Lestedo acolleu o pasado 9 de xullo a primeira das xuntanzas abertas organizadas sobre a proposta de declarar o Pico Sacro como Ben de Interese Cultural (BIC), en concreto, como Conxunto Simbólico. Unha reunión promovida pola Dirección Xeral de Patrimonio, en colaboración co Concello de Boqueixón, que serviu como primeiro paso para elaborar un plan de salvagarda participativo, no que se convidou a contribuír activamente a asociacións, colectivos e persoas interesadas. Por iso, a finais de setembro volverá convocarse unha segunda reunión.

Neste primeiro encontro, presidido polo alcalde Ovidio Rodeiro, tomaron parte profesionais de referencia no estudo do Monte Ilicino tales como a coordinadora do informe técnico, Cristina Sánchez



A próxima reunión terá lugar no mes de setembro

Carretero, de Incipi (Centro Superior de Investigacións Científicas); Adela Vázquez Veiga, facilitadora de procesos comunitarios; Rubén Vuelta, técnico de imaxe e son; e o escritor e xornalista Henrique Neira, quen se encarga da parte histórica e simbólica.

Visitas

Por outra banda, recordamos que durante este mes de agosto e ata o 14

de setembro, continúan as visitas guiadas ao Pico Sacro. Unha experiencia de balde, previa reserva da praza no 981 513 061 ou en boqueixonturismo@gmail.com.

Estas visitas guiadas están dispoñibles todos os venres, sábados e domingos en tres horarios: 12:00, 16:00 e 18:00 horas. O punto de encontro é o aparcadoiro do Pico Sacro.



Catro baixadas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizan unha xornada de baixadas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro. Será o sábado 16 de agosto, en quendas de 4 persoas ás 10:00, 12:00, 16:00 e 18:00 horas. O prezo é de 30 euros e as inscricións deben formalizarse en espeleoloxia@gmail.com. Máis información: 982 507 227.



O concerto de Carlos Núñez enche o Pico Sacro de música e xente

Era visto. O concerto que Carlos Núñez ofreceu no Pico Sacro colgou de inmediato o cartel de "non hai billetes", sendo un dos primeiros en esgotar as entradas na xira Lugares Máxicos 2025, dentro dos Concertos do Xacobeo. Tras o éxito de Queiman no 2024, o Pico Sacro conságrase como lugar especial para este tipo de espectáculos tradicionais.



Gran participación na excursión guiada á cidade de Ferrol

Un numeroso grupo de veciños e veciñas viaxou ata Ferrol para coñecer polo miúdo os segredos da cidade departamental. Tras pasear polo seu porto, visitaron o Museo da Construción Naval, un centro único en España e que lles permitiu coñecer a historia da vila e os seus estaleiros. Finalmente, achegáronse ao casco antigo, cunha visita guiada polo barrio da Magdalena.

Ruta guiada polo patrimonio oculto do Monte Ilicino

O programa "Correntes do Ulla" organiza unha ruta polo patrimonio oculto de Boqueixón o domingo 17 de agosto. De 10:30 a 13:30 h, os participantes percorreren a contorna do Pico Sacro. Prazas limitadas. Inscricións en 981 513 115 e cultura@boqueixon.es.



Os alcaldes de Boqueixón e Vedra visitaron á rapazada no cumio do Pico Sacro

Goza do Ulla chega o 7 de setembro a Boqueixón

A excursión adiada do programa "Goza do Ulla" en Boqueixón terá lugar o domingo 7 de setembro, con saída ás 10:00 h. do Campo do Río de Ponte Ledesma. 9,1 km de percorrido de dificultade media. Inscricións no Departamento de Turismo (981 513 061) ou boqueixonturismo@gmail.com

Posta en valor do alxibe do Castelo do Pico Sacro

Os Concellos de Boqueixón e Vedra, en colaboración coa dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, organizaron na segunda quincena de xullo o campamento internacional de voluntariado "Monte Sacro", no que tomaron parte quince mozos e mozas chegados de distintas partes de España e doutros países, de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos.

Durante a súa estancia en Boqueixón encargáronse da limpeza e acondicionamento do alxibe do Castelo do Pico Sacro, fortificación construída no século XII. Esta antiga cisterna para almacenar ata 65.000 litros de auga, é un dos restos que se poden apreciar no Monte Ilicino desa antiga fortaleza, canda algúns tramos da escaleira. En Vedra puxeron en valor a contorna de San Xoán da Cova.



O "Tartas Lestedo Reale Lois Leal Futsal" triunfa en Mallorca

O equipo do "Tartas Lestedo Real Lois Leal Futsal" vén de gañar o Campionato de Fútbol Sala dos Europeans Company Sport Games 2025, disputado en Calviá (Mallorca). Un torneo no que participaron algo máis de 7.000 deportistas chegados de diferentes partes de Europa e que tomaron parte nalgunha das 30 disciplinas incluídas.

Elena Tato Martínez, veciña de Lestedo, cumpre 100 anos

Elena Tato Martínez, veciña de Lestedo, vén de celebrar o seu 100 aniversario cunha comida familiar celebrada o pasado sábado 28 de xuño. Ata aló se desprazou o alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, acompañado de Emilio de la Iglesia, director xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia, para entregarlle un ramo de flores e unha insignia do Concello no día do seu aniversario.





O Verán Activo non deixou familia ningunha fóra

Un total de 108 nenos e nenas participan no Verán Activo, programa lúdico e educativo do Concello (enmarcado no Plan Corresponsables da Xunta e que conta co apoio do Voluntariado Xuvenil) que facilita a conciliación familiar. Por iso, non só se atenderon as 108 solicitudes, senón que se mantivo o servizo de comedor, do que se benefician 36 crianzas. A rapazada desfruta dun programa de xogos, xumba, manualidades... e en agosto farán unha ruta de sendeirismo.



O alcalde Ovidio Rodeiro, a directora do CIM, Cristina Carbajales, e a concelleira de Ensino, Ángela Conde, visitaron ás crianzas



Visita do vicepresidente da Deputación ao Pico Sacro

Xosé Regueira, vicepresidente da Deputación e responsable de Turismo, visitou un dos principais recursos turísticos da provincia: O Pico Sacro. Estivo acompañado polo alcalde Ovidio Rodeiro e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, quen lle contaron datos e lendas do Monte Ilcino.



Boqueixón e Vedra promoven o voluntariado "Val do Ulla"

Os concellos de Boqueixón e Vedra, en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, levaron a cabo o programa de voluntariado xuvenil "Val do Ulla", unha iniciativa para promover a cultura solidaria e a participación activa na acción voluntaria de 20 voluntarios/as, de entre 16 e 22 anos.

CONCILIACIÓN ACTIVA CURSO 2025/2026

PLAN CORRESPONSABLES

Madrugada Boqueixón

Servizo de acollida, coidado e vixilancia da rapazada antes do comezo das clases, en horario de 7:30 a 9:00 horas.

Realizarán actividades variadas e relacionadas co fomento de hábitos saudables.

O almorzo será por conta propia ou, no seu caso, vir almorzados da casa.

Tardes Educativas e de Lecer

Servizo de atención a rapazada unha vez que rematan as clases, polas tardes en horario de 15:30 a 18:30.

A rapazada realizará as tarefas escolares diarias e así mesmo desfrutarán con actividades lúdico educativas, lecturas, xogos e obradoiros variados.

Co obxectivo de conciliar a vida laboral, persoal e familiar co coidado de fillos e fillas menores, o Concello de Boqueixón presta os seguintes servizos en instalacións municipais e no CPI Orza Couto: Madrugada Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer.

Dirixido a: alumnado de infantil, primaria e secundaria, con idades entre os 3 e os 16 anos, empadroados en Boqueixón e/ou alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Inscripcións:

Realizaranse presentando a ficha de solicitude e demais documentación obrigatoria a través da Sede Electrónica municipal (preferentemente) ou ben no Rexistro Xeral do concello **antes do 26 de agosto**. As fichas están dispoñibles na web municipal.

Posibilidade de inscricións con frecuencia semanal ou por días soltos, con preaviso por escrito de 3 días, e sempre que existan prazas dispoñibles.

Baixas:

Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior e a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente) ou ben no Rexistro xeral do concello. Incluír documentación en solicitude xeral.

Pago:

Bimestral e mediante domiciliación bancaria.

Máis información no Concello de Boqueixón (www.boqueixon.gal), por teléfono no 981 51 30 61 ou no 981 51 31 15 e/ou por correo electrónico en cim@boqueixon.com.

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Venres
8

Festas Ponte Ledesma

Misa cantada ás 13:00 h. na honra ao Divino Salvador. Sesión vermú coas Pandereteiras de Codeso. Verbena co Trío Manhattan e a orquestra La Ola ADN.

Venres
8

Doazón de sangue

Lestedo, fronte Abanca. 15:45 a 21:00 h.

Sábado
9

Festas Ponte Ledesma

Ás 13:00 h. Misa cantada pola Coral de San Salvador de Camanzo na honra á Virxe do Carme. Sesión vermú coa charanga "Os Jaláticos".

Domingo
10

Festas na Granxa

Ás 13:00 h. misa solemne na honra á San Lourenzo. Sesión vermú co Dúo Charada. Verbena con Mahattan.

Domingo
10

Festas de Pousada

Ás 13:00 h. misa na honra á San Lourenzo. Sesión vermú co grupo Setepontes

Domingo
10

Festas Ponte Ledesma

Ás 12:00 h. Misa cantada polo Coro de Oural e Ledesma na honra ao Santísimo. Sesión vermú co grupo Fuxión Latina.

Luns
11

Festas na Granxa

Ás 13:00 h. misa solemne na honra o Santísimo Sacramento. Sesión vermú e verbena con Aires de Broña.

Luns
11

Festas de Pousada

Ás 13:00 h. misa de Corpus Christi. Sesión vermú con Son de Gaita.

Martes
12

Festas de Pousada

Ás 13:00 h. misa na honra á Virxe do Carmen na capela da Virxen da Fonte.

Martes
12

Festas na Granxa

Ás 13:00 h. misa na honra á Virxe do Carme. Sesión vermú e verbena con Unión y Fuerza. Chocolate Disco Móvil.

Sábado
16

Baixadas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro

10:00 / 12:00 / 14:00 / 18:00 h.
Prezo: 30€. 4 prazas por quenda.
Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

Domingo
17

Ruta Contorna Pico Sacro

Aparcadoiro do Pico. 10:30 a 13:30 h.
Inscricións: cultura@boqueixon.es.

...e en setembro

Domingo
7

Ruta de pescadores

Codeso-San Paio. 10:30 h. Inscripción: boqueixonturismo@gmail.com

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com